



CPI CASTRO BAXOI. 2023-2024

INFORMACIÓN PROCEDEMENTO DE RESERVA E ADMISIÓN

NORMATIVA REGULADORA DO PROCESO

- [Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación \(códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C\).](#)
- [DecretoDecreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.](#)

CALENDARIO PROCEDEMENTO

Presentación solicitude de reserva	Do 15 de xaneiro ao 6 de febreiro
Publicación da listaxe do alumnado con posto reservado	22 de febreiro
Presentación solicitude de admisión	Do 1 ao 20 de Marzo
Presentación documentación xustificativa	10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión. Do 21 de Marzo ao 3 de Abril
Publicación listaxes provisionais de admitidos e non admitidos	25 de Abril

Reclamación listaxes provisionais	5 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación das listaxes provisionais. Do 26 de abril ao 3 de maio.
Publicación listaxes definitivos de admitidos e non admitidos	15 de Maio
Reclamación listaxes definitivas	5 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación das listaxes definitivas. Do 16 ao 23 de maio.
Formalización matrícula	EI, EP: Do 20 ao 30 de Xuño
	ESO, BAC: Do 23 de Xuño ao 7 de Xullo.

NOTA INFORMATIVA.

1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar. Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela. A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

CENTROS QUE TEN ADSCRITOS E ADSCRICIÓN DO CENTRO A OUTRO OU OUTROS.

Centros adscritos:

- CEIP de Bemantes
- CEIP de Torres

Centros de adscrición:

- IES Breamo (Pontedeume)
- IES As Mariñas (Betanzos)

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS QUE OFRECE O CENTRO.

O centro ofrece o servizo de transporte escolar.

Os servizos complementarios de comedor e mañanceiros están xestionados pola ANPA do centro educativo.

Máis información na páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/>

Miño, Febreiro de 2023.
A Dirección do CPI CASTRO BAXOI.